

LIBRE



XUNTA DE GALICIA

LIBRE



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, un ano máis, pon en marcha **cursos de formación en conducción viaria** co obxectivo de achegar á mocidade actitudes seguras no uso do vehículo baseadas no coñecemento dos factores de risco, dos sistemas de seguridade do automóbil e da técnica de conducción.

Desenvolvemento

- A actividade organízase para un total de 64 alumnos cada fin de semana, dividindo esas 64 persoas en catro quendas de sábado pola mañá, sábado pola tarde, domingo pola mañá e domingo pola tarde. As quendas serán de 9:00 a 14:00 horas pola mañá e de 13:30 a 18:30 horas pola tarde.
- Cada quenda consta dun curso formativo de 5 horas: 1 hora de carácter teórico e 4 horas de contido práctico.
- A parte teórica desenvólvese a través dun software multimedia, de carácter divulgativo e ameno. As sesións prácticas estruturaránse como series de conducción acompañadas dun monitor ao longo do circuíto en que se van desenvolvendo exercicios específicos.
- Co fin de personalizar a formación, establecerase unha proporción de 4 alumnos por monitor para acadar unha formación de calidade.



Contidos de formación

LIBRE

- Factores de risco na conducción (alcohol, drogas, sono, distraccións...)
- Seguridade activa/pasiva (ABS, control de tracción, control de estabilidade, cinto, airbag, repousacabezas...)
- Técnica de conducción (posición de conducción, manexo do volante, trazados e traxectorias, uso do freo e acelerador, adherencia do pneumático, dinámica de pesos, dinámica do vehículo, subviraxe/sobreviraxe...)

Lugares de desenvolvemento da actividade

- A Madalena, en Forcarei (Pontevedra)
- A Pastoriza; avda. Constantino Cavaleiro s/n- A Pastoriza (Lugo)

Datas

Os cursos de conducción segura desenvolveranse ao longo de 4 fins de semana de outubro a novembro do 2011 nas seguintes datas:

-A Madalena: 15 e 16 de outubro; 22 e 23 de outubro

-A Pastoriza: 29 e 30 de outubro; 5 e 6 de novembro



Destinatarios

Mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos, que estean en posesión do carné de conducir B.

Cota de inscrición

A cota de inscrición será de 68 €

Os/as posuidores/as do Carné Xove pagarán 51 € (25 % de desconto)

Inscricións

As persoas interesadas neste programa poderán facer a reserva de praza a través de chamada telefónica dende o 15 de setembro, nos números seguintes, en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres:

- Para o circuíto da Madalena: 986817080
- Para o circuíto da Pastoriza: 982294224/ 982294251

Unha vez reservada a praza, efectuarase o pagamento de inscrición no prazo máximo de 48 horas.

No momento de facer a chamada para a reserva de praza, darase a información oportuna sobre o xeito de facer o correspondente ingreso.

Máis información en : www.xuventude.net



LIBRE

ARRIBA ZONAZON EN OMBRO



Documentación necesaria

LIBRE

Remítirase o xustificante do pagamento e a fotocopia do Carné Xove:

- a) Para o **circuíto da Madalena**: ao fax 986817082, ou xuventude.voluntariado.vigo@xunta.es
- b) Para o **circuíto da Pastoriza**: ao fax 982214339, ou xuventudelugo@xunta.es

Non se considera confirmado ningún participante ao cal lle falte algún dos documentos mencionados con anterioridade.

No momento de incorporarse á actividade deberá presentar o carné de conducir, documento imprescindible para poder desenvolver a actividade.

Aclaracións de interese

De non realizarse o pagamento da cota no prazo máximo de 48 horas, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado disporá da praza reservada.

Procederáse á devolución da cota, por causas non imputables ao interesado, cando a formación non se preste ou cando a Administración anule a actividade de que se trate (Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e Decreto legislativo 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan as normas para a xestión da liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia).

Normas de desenvolvemento da actividade

I) Ao comezo da actividade, os monitores/formadores solicitarán a cada un dos participantes a presentación do DNI ou documento acreditativo semellante.

II) Calquera persoa que non figure como participante nos datos da organización será excluído da actividade.



III) Calquera cambio na titularidade da praza debe ser consultado e autorizado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, como mínimo, dez días antes do comezo da actividade.

IV) As actividades poderán sufrir modificacións en función das condicións meteorolóxicas.



LIBRE



CURSO DE COORDENADOR DE SERVIÇOS DE TAXI

galicia

Para máis información:
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

www.xuventude.net



XUNTA
DE GALICIA